

## ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA ANPA IES ILLA DE ONS

**Lugar:** salón de actos do IES ILLA DE ONS

**Data:** venres 12 xaneiro 2018

**Hora de comezo:** 18:15 h

**Hora de remate:** 19:15 h

### ASISTENTES:

Xunta Directiva:

Ivan Novas Garcia - presidente

Susana Martinez Cerviño - Vicepresidenta

Raquel Fiel González - Secretaria

Carmen Otero López - Tesorera

Eva M<sup>a</sup> Loveira Ave - Vogal

Fatima Cruz Souto - vogal

Un número aproximado de 10 socios

### ORDE DO DÍA:

- 1º Lectura e aprobación, se procede, da acta da convocatoria anterior
- 2º Comunicación de cambios na directiva e modo de contacto coa ANPA
- 3º Repaso actividades realizadas no primeiro trimestre.
- 4º Propostas para o segundo trimestre
- 5º Rogos e preguntas

### DELIBERACIÓNS:

#### **1º Lectura e aprobación, se procede, da acta da convocatoria anterior**

Explicáselle os asistentes o novo modo de acceso as actas a través da páxina web do instituto, dáse por aprobada por unanimidade.

#### **2º Comunicación de cambios na directiva e modo de contacto coa ANPA**

Comunicáselle os socios a composición da nova directiva da ANPA aprobada en asemblea do 25 de outubro do 2017. Asemade comunicáselles a creación de unha nova conta de correo no dominio @iesillaons.com que será a que teña validez de agora en diante.

### **3º Repaso de actividades realizadas no primeiro trimestre**

A data da asemblea o saldo na conta da ANPA e de 2170,77 logo de:

- os movementos para os pedidos coa empresa “ La Dama de Estepa” 7592,88 €
- pago vales a cafetería 43€ pola carreira solidaria de Nadal
- ingreso de 210 € para “Save the Children”

Comunicase que se presentou un escrito o centro IES Illa de Ons solicitando unha nova parada na ruta de Cela “ruta Cabreira -Torre” entre o Beloso e barrio do Rio estando en tramite na actualidade se ben na practica o autobús efectúa a parada.

Comunicase a adquisición dun microondas por parte do centro para a cafetería para uso e desfrute dos alumnos e os mestres.

### **4º Propostas para o segundo trimestre.**

- A petición do mestre de educación física propónse o deseño dun novo formato da carreira solidaria do Nadal, a proposta interesa os socios y crease o grupo de traballo para coordinarse coa ANPA San Martiño do IES Illa de Ons.
- Propónse unha campaña de promoción do consumo no comercio local mediante a proposta dunhas condicións vantaxosas para os asociados da ANPA. Crease un grupo de traballo ó efecto.
- Comentase a proposta da creación dun formato similar o banco de libros adaptado a realidade actual do centro. Decídese retomar a proposta de cara o final do curso.
- Petición da mestra de lingua castelá de colaboración por parte da ANPA pra a creación dun espazo de lectura na propia clase logo da distribución de aulas por materias. Debátense as distintas propostas e inicialmente tentase recadar o material entre as familias do centro e con posterioridade aprobar un presuposto para a adquisición do material.

### **5º Rogos e preguntas.**

Non hai nin rogos nin preguntas.

Dáse por finalizada a reunión as 19:15 horas

prace  
A secretaria

Visto e

O presidente